

OS ENLACES

1. AS PREPOSICIÓN

As preposicións máis frecuentes son: a, agás, ante, baixo, cabo, canda, con, contra, de, deica, dende, durante, en, entre, excepto, mediante, onda, para, perante, por salvo, segundo, sen, so, sobre, tras, xunta.

2. AS CONXUNCIÓNS

- COPULATIVAS: Expresan a idea de suma: e, e mais, nin.
- DISXUNTIVAS: Expresan a idea de opción: ou.
- ADVERSATIVAS: Expresan a idea de oposición: pero, senón, mais

3. AS INTERXECCIÓNS.

Son palabras especializadas en expresar mensaxes exclamativas, polo que adoitan escribirse acompañadas dun signo de admiración. Comunican sentimentos: dor, alegría, sorpresa etc: ah!, ai!, auxilio!, oh!, oxalá!, vaites!, recoiro!. Tamén poden ser saúdos: ola!, adeus!, abur!.

ORTOGRAFÍA

Utilízase a **raia (-)** nos seguintes casos:

- Para introducir nun texto as palabras dos personaxes. Exemplo:
–*A que hora chega o avión?*
- Para intercalar as aclaracións do narrador entre as intervencións dos personaxes. Exemplo: –*O avión chega ás cinco* –*asegurou Alberte.*

Utilízanse as **parénteses ()** para incluír nunha oración certos datos aclaratorios: datas, lugares, indicacións de abreviacións, etc. Exemplo:
Xoán traballa nunha Organización Non Governamental (ONG).

REPASO

OS ARTIGOS.: Van diante dos nomes, indican o seu xénero (masc., fem.) e número.

DETERMINADOS: o, a, os, as.

INDETERMINADOS: un, unha, uns, unhas.

CONTRACCION DOS ARTIGOS DETERMINADOS

	O	A	OS	AS
A	ao	á	aos	ás
CON	co	coa	cos	coas
DE	do	da	dos	das
EN	no	na	nos	nas

CONTRACCIÓN DOS ARTIGOS INDETERMINADOS.

	UN	UNHA	UNS	UNHAS
CON	cun	cunha	cuns	cunhas
DE	dun	dunha	duns	dunhas
EN	nun	nunha	nuns	nunhas

POSESIVOS: Indican a quen pertence algo.

	UN POSUÍDOR				VARIOS POSUÍDORES			
	MASCULINO		FEMININO		MASCULINO		FEMININO	
	singular	plural	singular	plural	singular	plural	singular	plural
1º PERSOA	meu	meus	miña	miñas	noso	nosos	nosa	nosas
2º PERSOA	teu	teus	túa	túas	voso	vosos	vosa	vosas
3º PERSOA	seu	seus	súa	súas	seu	seus	súa	súas

DEMOSTRATIVOS: Sinalan a distancia á que se atopa o sustantivo (nome).

	MASCULINO		FEMENINO	
	SINGULAR	PLURAL	SINGULAR	PLURAL
AQUÍ	este	estes	esta	estas
AÍ	ese	eses	esa	esas
ALÍ	aquel	aqueles	aquela	aquelas

DETERMINANTES NUMERAIS

	CARDINAIS	ORDINAIS	PARTITIVOS	MULTIPLICATIVOS
1	un/unha	primeiro-a		
2	dous/dúas	segundo-a	medio-a	dobre (duplo, dupla)
3	tres	terceiro-a	terzo-a	triplo, tripla
4	catro	cuarto-a	cuarto-a	cuádruplo, cuádrupla

PRONOMES PERSOAIS.

	SINGULAR	PLURAL
1º PERSOA	eu, min	nós, nosoutros/nosoutras
2º PERSOA	ti	vós, vosoutros/vosoutras
3º PERSOA	el/ela, vostede, si	eles/elas, vostedes, si

OS VERBOS

SUBSTANTIVOS.: Son as palabras que nomean personas, animais, cousas, ideas ou sentimentos .

O ADXETIVO: Expresan calidades ou estados dos substantivos.

PRONOMES PERSONAIS.

- **Pronomes tónicos:** poden aparecer sós.
- **Pronomes átonos:** acompañan a un verbo.

		1. ^a persoa	2. ^a persoa	3. ^a persoa
Singular	Tónicos	eu / min	ti / vostede	el / ela / si
	Átonos	me	te / che	o / lo / no; a / la /na; lle / se
Plural	Tónicos	nós	vós / vostedes	eles / elas / si
	Átonos	nos	vos	os / los / nos; as / las /nas; lles / se

OS ADVERBIOS

Clases de adverbios

Os adverbios organízanse en clases, segundo a circunstancia que expresen. Algúns dos principais tipos son os seguintes:

Clases de adverbios	Exemplo
de lugar	<i>aquí, aí, alí, alá, preto, lonxe, enriba, diante...</i>
de tempo	<i>onte, mañá, hoxe, daquela, cedo, antes...</i>
de modo	<i>ben, mal, mellor, amodo, así, felizmente...</i>
de cantidade	<i>moito, bastante, abondo, pouco, máis...</i>
de afirmación	<i>si, abofé, certamente, tamén...</i>
de negación	<i>non, tampouco...</i>
de dúbida	<i>quizais, posiblemente, acaso, talvez, seica...</i>